

## Luns 6 de xuño



### 12h00 Presentación das Xornadas Praza da Peregrina

Realización dun grafiti a cargo de Vella Escola. Actividade aberta á cidadanía.

### 19h00 Mamá, quero ser voluntari@!

#### Casa da Luz

Mesa de experiencias ao redor da figura do voluntariado na que as ONGD galegas con maior experiencia en voluntariado internacional explicarán como entenden elas esta función, os requisitos que hai que ter e como funciona despois a experiencia en terreo.

## Martes 7 de xuño



### 12h00 Pontevedra opina sobre a actitude da UE ante a crise das persoas refuxiadas

#### Rúas de Pontevedra

Realización dun video de entrevistas por parte da organización acerca da opinión da cidadanía.

### 17h30 a 20h00. Andaina de Valores

#### Rúas de Pontevedra

Percorrido pola cidade analizando dende o enfoque de valores o que transmite, e posterior análise das diferentes visións na Casa da Luz. Feitoría Verde. Para público familiar.

\*Actividade con inscrición previa ata o 6 de xuño no mail [organizacion@agareso.org](mailto:organizacion@agareso.org)

### 20h00 Cineforum e debate: El secreto del bosque

#### Casa da Luz

Documental sobre medio ambiente, centrado na diversidade dos bosques de Guinea Ecuatorial, nestes momentos ameazados pola explotación madeira e industrial con posterior debate acerca da importancia do medio ambiente.

## Mércores 8 de xuño



### 18h30 Comercio Xusto: Consumo responsable

#### Casa da Luz

A ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, especializada en comercio xusto, contaranos como é posible loitar contra a desigualdade global a través das nosas formas de consumo local.

### 20h00 Cineforum: Derecho a un techito

#### Casa da Luz

Documental de Agareso e Arquitectura sen Fronteiras sobre o dereito a unha vivenda. Mesa redonda coa participación de representantes das dúas ONGD e do Colexio de Avogados.

## Xoves 9 de xuño



### 12h00 Queres ser millonari@?

#### Praza da Peregrina

Quen non xogou ou fantaseou algunha vez coa idea de ser millonario/a. Ofrecémosche a oportunidade de participar con nós nun xogo de rol que nos descubrirá que ser millonari@ non é inocuo.

### 18h00 Obradoiro A Banda Deseñada como ferramenta de transformación

#### Casa da Luz

Iniciación a técnicas de debuxo e guionización dun cómic tomando como referencia o cómic "Dominicanas Somos" feito polo Correo do Vento, sobre o papel da muller nos procesos de desenvolvemento. Actividade a partir de 15 anos.

\*Actividade con inscrición previa ata o 6 de xuño no mail [organizacion@agareso.org](mailto:organizacion@agareso.org)

### 20h00 A Cultura para o cambio

#### Casa da Luz

Mesa redonda sobre as posibilidades da cooperación cultural, pois hai poucas cousas que unan máis a diferentes países que a súa cultura, a gastronomía, a literatura, o patrimonio. Con representantes da AECID e expertas en xestión cultural.

### 21h30 Fusión Mestiza. BatukoTabanka-Rexubeiras

Concerto da man de batukadeiras de Cabo Verde e pandereteiras de Galicia.

## Venres 10 de xuño



### 10h00 Participación Social no rural galego a partir das TIC e linguaxe audiovisual

#### Fac. Ciencias Sociais

Presentación dos resultados de RecThink, un proxecto de Agareso baseado na aprendizaxe colectiva, a reivindicación dos modelos comunitarios e a posta en valor do patrimonio a través do video participativo por parte de xente nova do rural.

### 12h00 Vídeo participativo e narrativas dixitais como ferramentas para o cambio

#### Fac. Ciencias Sociais

Tres expertos europeos darán as claves para o uso destas técnicas. Coñeceremos experiencias desenvolvidas en todo o mundo por OpenUniversity, no rural húngaro por Gusztav Nemesz e exemplos de incidencia política por José Manuel Moreno.

### 16h00 - 19h:00 Obradoiro de vídeo participativo: da teoría á práctica

#### Fac. Ciencias Sociais

Traballaremos na busca de solucións a partir da reflexión activa e a adaptación destas prácticas ao noso contexto.

\*Actividade con inscrición previa no mail [organizacion@agareso.org](mailto:organizacion@agareso.org)

### 19h00 Aprender, Facendo

#### Casa da Luz

Aprendizaxe e Servizo é a novidosa metodoloxía a través da cal o alumnado é capaz de reflexionar sobre temáticas complexas ao mesmo tempo que constrúe/fabrica/crea algo de forma autónoma. Coñeceremos as experiencias de ONGD nos centros educativos a través dos seus proxectos.

## Sábado 11 de xuño



### 11h00 Muller e violencia. A loita das organizacións de mulleres no Sur

#### Pazo da Cultura

Feminicidios, maras, aborto, acoso na rúa, violencia de xénero. Vilma Vaquerano, integrante de ORMUSA, unha das organizacións salvadoreñas de mulleres que mellor traballa no país e que recibe apoio da cooperación española, explicaranos como é o contexto salvadoreño e cales son as principais problemáticas das mulleres no seu país, cales son as súas principais loitas, que obstáculos son os que se atopan e como se traballan estes temas dende as organizacións de mulleres e a cooperación internacional.

### 12h30 A repolitización da Cooperación

Miguel Alba, director da campaña sobre Fiscalidade de Intermon Oxfam, Alejandro Quiñoá de Asemblea de Cooperación pola Paz e Xosé Cuns, director de EAPN Galicia, analizarán a repolitización das accións das ONGD e a necesidade de abordar os problemas de desigualdade dende distintos frentes.

### 12h00 Obradoiro para nenos e nenas sobre xénero e dobraxe de películas

#### Pazo da Cultura

Neste obradoiro, impartido por Agareso ensinarase aos rapaces e rapazas como a linguaxe que empregamos e as mensaxes que reproducimos nas películas teñen moito que ver co machismo.

\*Actividade a partir de 8 anos. Ata completar aforo

### 16h30 Migracións. Que os impulsa a fuxir? Testemuños

#### Pazo da Cultura

A fuxida en masa dalgúns países non vén provocada só ou sempre por conflitos armados declarados. Na maioría dos casos estamos falando de problemáticas menos mediáticas, pero igualmente destrutivas, que fan que a poboación, sobre todo nova, fuxa do seu país arriscando a súa vida. Coñeceremos as experiencias vitais de persoas chegadas dende Marrocos, Guinea Bissau, El Salvador e Senegal.

### 16h30 Karibú

#### Pazo da Cultura

Obradoiro lúdico-artístico para nenos e nenas para reflexionar sobre interculturalidade. Impartido por Taza Lunar.

\*Actividade a partir de 7 anos. Ata completar aforo

### 18h30 Conflitos armados e refuxio. Que pasa cando non se actúa en tempo e forma. De Siria ao Sáhara

Cal é o papel das ONGD en conflitos como o de Siria? Que sucede cando os conflitos se prolongan no tempo? Cal é responsabilidade política e social nesta crise humanitaria? Falaremos con expertos/as da ONGD Ecos do Sur e coñeceremos a realidade do pobo sirio e o pobo saharai a través de testemuños.

### 20h30 Acto final e peche das xornadas



#### Pazo da Cultura

Coa proxección dos resultados dos vídeos, os obradoiros e as conferencias e actuacións en directo.

Actividade permanente: Exposición de fotografía na Casa da Luz

Actividades Rúa

Cine/Documental

Conferencias

Talleres

Actividades nen@

Concerto

Exposicións

Mesa redonda

Acto final



Casa da Luz  
Pazo da Cultura  
Fac. Ciencias Sociais